

Radiografía trimestral do mercado laboral galego



CCOO

Elaborado polo Gabinete Económico e coordinado pola Secretaría de Empleo

Setembro de 2018



ÍNDICE

Enquisa de Poboación Activa (EPA)	5
Afiliación á Seguridade Social	19
Contratos rexistrados	23
Rotación laboral	27
Paro rexistrado	29
Protección por desemprego	33
Conclusións	39

CCOO

CCCCOO

Poboación ocupada

A ocupación aumentou en 25.700 persoas no segundo trimestre de 2018 con respecto ao trimestre anterior (un 2,45 %) e en 26.900 no último ano (un 2,56 %). É o maior incremento nun segundo trimestre desde que se iniciou a recuperación de emprego.

No período 2000-2018, a cifra máis baixa de ocupación nun segundo trimestre rexistrouse no 2014 con 991.500 persoas ocupadas. Desde aquela, créanse 84.300 empregos en Galicia e a ocupación chegou a 1.075.800 persoas no segundo trimestre de 2018. Con todo, quedan por recuperar outros 126.400 empregos para alcanzar o nivel de ocupación de hai dez anos.

Táboa 1. POBOACIÓN OCUPADA

II trimestre	Poboac. ocupada	Variac. absoluta co trimestre anterior	Variac. absoluta co II trimestre ano anterior
2008	1.202.200	—	—
2009	1.152.900	-17.400	-49.300
2010	1.098.300	-1.900	-54.600
2011	1.097.500	+12.000	-800
2012	1.042.000	-15.000	-55.500
2013	1.005.400	-200	-36.600
2014	991.500	+8.700	-13.900
2015	1.009.900	+22.400	+18.400
2016	1.034.000	+12.900	+24.100
2017	1.048.900	+15.300	+14.900
2018	1.075.800	+25.700	+26.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

En termos anuais, o emprego medrou un 2,56 % no segundo trimestre de 2018 fronte ao 1,44 % un ano antes. Malia esa evolución positiva, a taxa de crecemento da poboación ocupada en Galicia segue sendo inferior á da media estatal (2,56 % e 2,82 % no segundo trimestre de 2018, respectivamente) e mantense por baixo da do produto interior bruto.

Táboa 2. POBOACIÓN OCUPADA EN GALICIA E EN ESPAÑA

II trimestre	Galicia		España	
	Poboac. ocup.	Variac. anual	Poboac. ocup.	Variac. anual
2014	991.500	-1,38 %	17.353.000	+1,12 %
2015	1.009.900	+1,86 %	17.866.500	+2,96 %
2016	1.034.000	+2,39 %	18.301.000	+2,43 %
2017	1.048.900	+1,44 %	18.813.300	+2,80 %
2018	1.075.800	+2,56 %	19.344.100	+2,82 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

En Galicia aínda traballa un 10,5 % menos de persoas que hai dez anos, porcentaxe que baixa ata o 6,3 % na media estatal. No segundo trimestre de 2018, a poboación ocupada en Galicia representaba o 5,56 % no total estatal fronte ao 5,82 % dez anos antes.

A evolución do emprego difire por sexos. En comparación co primeiro trimestre de 2018, no segundo a ocupación feminina medrou máis que a masculina (14.700 ocupadas máis fronte a 11.000 ocupados máis) e o mesmo ocorre na comparación anual (17.700 ocupadas máis fronte a 9.200 ocupados máis). En relación con hai dez anos, traballan 126.400 persoas menos en Galicia, e 119.800 son homes.

Con todo, segue habendo menos ocupadas ca ocupados. A taxa de ocupación (porcentaxe de poboación ocupada sobre a poboación de 16 e máis anos) das mulleres no trimestre de referencia era 7,7 puntos porcentuais inferior á dos homes (42,4 % fronte a 50,1 %). A diferenza acurtouse bastante en relación co mesmo trimestre de 2008, pero débese, sobre todo, a que a taxa de ocupación dos homes caeu moito, 9,1 puntos porcentuais, mentres que a das mulleres aumentou 0,6 puntos porcentuais.

Táboa 3. OCUPACIÓN POR SEXO

2º TRIMESTRE				
Poboación ocupada	2018	2017	2014	2008
Homes	559.200	550.000	520.000	679.000
Mulleres	516.600	498.900	471.500	523.200
Ambos os sexos	1.075.800	1.048.900	991.500	1.202.200
Taxa de ocupación	2018	2017	2014	2008
Homes	50,1	49,0	45,8	59,2
Mulleres	42,4	40,8	38,2	41,8
Ambos os sexos	46,1	44,7	41,9	50,1

FONTE: elaboración propia sobre datos do EPA

No segundo trimestre de 2018, traballan 84.300 persoas máis ca no mesmo período de 2014 (nese ano rexistrouse a cifra máis baixa de ocupación nun segundo trimestre do período analizado); delas, o 50 % teñen 55 ou máis anos. Nesa franxa de idade, hai 42.500 persoas máis ocupadas ca no segundo trimestre de 2014 e 12.200 máis ca no mesmo trimestre de 2017. A porcentaxe de persoas de 55 ou máis anos sobre o total da ocupación tende á alza: representaban o 19,0 % no segundo trimestre de 2018 fronte ao 18,3 % un ano antes e o 16,3 % catro anos antes.

Pola contra, a representación das persoas menores de 30 anos no emprego segue a tendencia contraria: só o 12 % das persoas ocupadas no segundo trimestre de 2014 tiñan entre 16 e 29 anos; a porcentaxe baixa ata o 11,7 % no 2017 e ata o 11,4% no mesmo trimestre do ano en curso.

Diminúe a ocupación nos grupos de idade de 20 e 24 anos (2.600 persoas ocupadas menos ca no segundo trimestre de 2017 e 1100 menos ca no mesmo trimestre de 2014) e de 30 a 39 anos (6700 menos ca no segundo trimestre de 2017 e 30.600 menos ca no mesmo trimestre de 2014).

En consecuencia, o envellecemento da poboación ocupada agrávase. No trimestre de estudo, o 11,4 % de persoas ocupadas eran menores de 30 anos (12,0 % catro anos antes), o 40,9 % tiñan entre 30 e 44 anos (44,9 % no 2014), o 28,8 % entre 45 e 54 anos (26,8 % no 2014) e o restante 19,0 % tiña 55 ou máis anos (16,3 % no 2014).

O aumento da ocupación no segundo trimestre de 2018 (tanto na comparación do II e I trimestres de 2018 coma na anual na do II trimestre de 2018 e de 2017) concentrouse nos servizos e na construción. Porén, pérdese emprego no sector primario e na industria.

Os servizos, con 773.500 persoas ocupadas, é o sector que máis impulsa a recuperación do emprego. Desde o segundo trimestre de 2014 (tómase como referencia ese ano porque foi cando se alcanzou a cifra máis baixa de ocupación da serie analizada) creáronse 66.300 empregos neste sector e, deses, 36.600 no último ano. A poboación ocupada nos servizos supera a de hai dez anos (25.000 persoas ocupadas máis ca no segundo trimestre de 2008) e a súa representación no total do emprego subiu desde o 62,3 % no segundo trimestre de 2008 ata o 71,9 % no mesmo trimestre de 2018.

Na industria baixou a ocupación tanto no último trimestre (400 persoas menos) coma no último ano (1700 menos). A cifra máis baixa na industria nun segundo trimestre na última década dáse no 2014 con 151.100 persoas ocupadas (o 15,2 % da poboación ocupada en Galicia). No segundo trimestre de 2018 ocupa 169.400 persoas; son 18.300 máis ca hai catro anos pero aínda quedan por recuperar 49.600 empregos para alcanzar a ocupación de dez anos antes. A industria abrangúia o 18,2 % da poboación ocupada no segundo trimestre de 2008; dez anos despois, a porcentaxe está no 15,7 %.

Na construción traballan menos da metade das persoas que o facían hai unha década: 141.300 persoas no segundo trimestre de 2008 (o 11,8 % da poboación ocupada); dez anos despois son 68.800 (o 6,4 % da poboación ocupada). O menor número de persoas empregadas no sector nun segundo trimestre na última década tamén se deu no 2014 con 67.300; desde aquela creáronse 1500 empregos, 900 deles no último ano.

No sector primario (agricultura e pesca) baixou a ocupación en 5500 persoas no último trimestre e en 8800 no último ano ata quedar en 64.200 no segundo trimestre de 2018. Neste trimestre traballaba o 6 % da poboación ocupada (fronte ao 7,8 % dez anos antes), a porcentaxe máis baixa rexistrada nun segundo trimestre da última década.

Táboa 4. POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO O SECTOR

Poboación ocupada	2º TRIMESTRE			
	2018	2017	2014	2008
Agricultura e pesca	64.200	73.000	65.900	93.400
Industria	169.400	171.100	151.100	219.000
Construción	68.800	67.900	67.300	141.300
Servizos	773.500	736.900	707.200	748.500
Total	1.075.800	1.048.900	991.500	1.202.200

FONTE: elaboración propia sobre datos do EPA

Atendendo ao tipo de xornada, a poboación ocupada a xornada completa aumentou no segundo trimestre de 2018 por cuarto ano consecutivo (táboa 5). Nos últimos catro anos (II trimestre de 2014-II trimestre de 2018) creáronse 74.300 empregos a xornada completa, e deses, 24.100 no último ano.

Pero a porcentaxe de ocupación a xornada parcial segue superando a que había antes das reformas laborais dos anos 2010 e 2012. No segundo trimestre de 2018, o 13,8 % da poboación ocupada en Galicia tiña un contrato a tempo parcial.

No período analizado (táboa 5), a porcentaxe máis alta de ocupacións a xornada parcial rexistrouse no segundo trimestre de 2015 co 14,7 %; desde aquela, diminuíu en 0,9 puntos porcentuais.

Táboa 5. POBOACIÓN OCUPADA POR TIPO DE XORNADA

II TRIMESTRE	COMPLETA	PARCIAL	TOTAL	(PARCIAL/TOTAL)*100
2010	967.800	130.500	1.098.300	11,9 %
2011	958.400	139.100	1.097.500	12,7 %
2012	906.200	135.800	1.042.000	13,0 %
2013	863.900	141.500	1.005.400	14,1 %
2014	852.800	138.700	991.500	14,0 %
2015	861.900	148.000	1.009.900	14,7 %
2016	889.700	144.300	1.034.000	14,0 %
2017	903.000	145.800	1.048.900	13,9 %
2018	927.100	148.700	1.075.800	13,8 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A poboación ocupada a xornada parcial ten unha distribución moi desemeillante por sexos. Os empregos a tempo parcial ocúpanos maioritariamente mulleres: o 79 % no segundo trimestre de 2018 (116.900 ocupadas fronte a 31.800 ocupados). Nese mesmo trimestre, un 22,6 % de traballadoras en Galicia tiña un contrato a tempo parcial fronte ao 5,7 % de traballadores.

Atendendo á idade, o colectivo de 16 a 29 é o máis representado na xornada parcial, cun 25,9 % no segundo trimestre de 2018 (o 13,8 % no conxunto da poboación ocupada).

A xornada parcial é involuntaria na maioría dos casos: o 55 % das persoas que a aceptaron foi porque non atoparon un traballo a xornada completa, mentres que só o 9 % afirmou non querer un traballo a xornada completa. As restantes persoas que ocupadas a xornada parcial é por outros motivos: estudos, enfermidade ou incapacidade propia, obrigas familiares ou persoais...

Poboación asalariada

A poboación asalariada aumenta por quinto ano consecutivo nun segundo trimestre ata sumar 865.300 en 2018 (o 80 % da poboación ocupada), mentres que a poboación ocupada o fixo por cuarto ano consecutivo.

No último ano (II trimestre de 2018-II trimestre de 2017), o emprego por conta allea aumentou en detrimento do emprego por conta propia. Nese período, o número de persoas asalariadas aumentou en 44.000, un 5,36 % (o total da poboación ocupada fíxoo un 2,56 %).

O incremento dos empregos asalariados do último ano (tanto en cifras absolutas como relativas) foi o maior dos últimos cinco analizados (II trimestre de 2014-II trimestre de 2018), pero aínda son 51.200 menos ca hai dez anos (-5,59 %). Das 126.400 persoas menos que hai traballando en comparación co segundo trimestre de 2018, o 41 % delas eran asalariadas.

Táboa 6. POBOACIÓN OCUPADA E ASALARIADA

II trimestre	Poboación ocupada		Poboación asalariada	
	Poboación	Variación anual	Poboación	Variación anual
2008	1.202.200	—	916.500	—
2009	1.152.900	-4,10 %	891.300	-2,75 %
2010	1.098.300	-4,74 %	862.800	-3,20 %
2011	1.097.500	-0,07 %	859.000	-0,44 %
2012	1.042.000	-5,06 %	806.800	-6,08 %
2013	1.005.400	-3,51 %	768.400	-4,76 %
2014	991.500	-1,38 %	772.900	+0,59 %
2015	1.009.900	+1,86 %	793.200	+2,63 %
2016	1.034.000	+2,39 %	810.900	+2,23 %
2017	1.048.900	+1,44 %	821.300	+1,28 %
2018	1.075.800	+2,56 %	865.300	+5,36 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No último ano creouse emprego por conta allea en todas as ramas de actividade analizadas (táboa 7), agás nas seguintes en que baixou: pesca e acuicultura (-26,3 %); industrias extractivas (-15,7 %), enerxía, subministración de auga e xestión de residuos (-13,2 %) e educación (-4,8 %). As ramas de actividade en que máis aumentou en proporción a poboación asalariada son as seguintes: Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria (+13,2 %); transporte e almacenamento (+13,1 %); comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas (+13,0 %) e hostalaría (+9,2 %).

A poboación asalariada segue quedando por baixo da do segundo trimestre de 2014 (cando se alcanzou a cifra máis baixa nun segundo trimestre na última década) nestas tres ramas: pesca e acuicultura (1700 persoas asalariadas menos, un 16,8 %); enerxía,

subministración de auga e xestión de residuos (600 menos; un 6,1 %) e educación (1300 menos, un 2,0 %).

Táboa 7. POBOACIÓN ASALARIADA POR RAMAS DE ACTIVIDADE

Ramas de actividade	II trim. 2018	II trim. 2017	II trim. 2014
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	14.300	13.500	10.300
Pesca e acuicultura	8.400	11.400	10.100
Industrias extractivas	4.300	5.100	3.000
Industria manufactureira	139.700	138.800	121.900
Energía, subministración de auga e xestión de residuos	9.200	10.600	9.800
Construción	46.000	42.800	45.000
Comercio por xunto e polo miúdo; reparación vehículos de motor e motocicletas	131.700	116.500	114.300
Transporte e almacenamento	43.100	38.100	34.700
Hostalería	60.400	55.300	49.800
Activ. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	112.200	104.500	102.100
Admón. pública e defensa; seguridade social obrigatoria	78.100	69.000	70.600
Educación	64.100	67.300	65.400
Actividades sanitarias e de servizos sociais	89.300	85.500	77.000
Resto de servizos	64.200	62.900	59.000
Total	865.300	821.300	772.900

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

10

Atendendo ao sector, no segundo trimestre de 2018, o 22,5 % da poboación asalariada pertencía ao sector público e o restante 77,5 % ao privado. No primeiro, a poboación asalariada aumenta un 8,65 % no segundo trimestre de 2018 con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior (15.500 persoas asalariadas máis); no privado fíxoo un 4,42 % (28.400 máis). É o maior incremento anual en ambos os sectores desde que se iniciou a recuperación do emprego por conta allea.

En termos anuais, no sector privado créase emprego asalariado nun segundo trimestre por cuarto ano consecutivo, chegando o número de persoas asalariadas ata 670.600. Non obstante, son 45.400 menos (-6,34 %) das que había no mesmo trimestre de 2008.

No sector público traballaban 194.700 persoas no segundo trimestre de 2018; é a cifra máis alta do período II trimestre de 2012-II trimestre de 2018. Pero en comparación co 2011 (cando se rexistrou a cifra máis alta da última década) hai 6.400 persoas empregadas menos no sector público, un 3,18 % menos.

Táboa 8. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO DE SECTOR

II TRIMESTRE	SECTOR PRIVADO	SECTOR PÚBLICO	TOTAL
2008	716.000	200.500	916.500
2009	701.700	189.700	891.300
2010	666.400	196.400	862.800
2011	657.900	201.100	859.000
2012	615.100	191.800	806.800
2013	595.500	172.900	768.400
2014	592.100	180.900	772.900
2015	617.100	176.100	793.200
2016	626.400	184.400	810.900
2017	642.200	179.200	821.300
2018	670.600	194.700	865.300

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Polo tipo de contrato, o 62 % dos 96.900 empregos por conta allea creados desde o segundo trimestre de 2013 foron temporais (60.100). Isto elevou a taxa de temporalidade do 22,4 % no segundo trimestre de 2013 ao 26,8 % no mesmo trimestre de 2018.

Tomando como referencia o segundo trimestre (táboa 9), compróbase que a taxa de temporalidade (n.º persoas asalariadas con contrato temporal/n.º total de persoas asalariadas) sobe decontino no período 2013-2017. No último ano, en proporción, medrou máis o emprego indefinido ca o temporal (+5,85 % fronte ao +4,03 %) e a taxa de temporalidade baixou 0,4 puntos porcentuais ata situarse no 26,8 % no segundo trimestre de 2018.

Táboa 9. POBOACIÓN ASALARIADA POR TIPO CONTRATO

II trimestre	Poboación asalariada	Indefinida	Temporal	Taxa temporalidade
2013	768.400	596.300	172.200	22,4 %
2014	772.900	589.300	183.700	23,8 %
2015	793.200	594.700	198.500	25,0 %
2016	810.900	602.000	208.900	25,8 %
2017	821.300	598.000	223.300	27,2 %
2018	865.300	633.000	232.300	26,8 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por sexos, no segundo trimestre de 2018 traballaban por conta allea 429.800 mulleres (o 49,7 % da poboación asalariada) fronte a 435.500 homes. Son 52.000 asalariadas máis ca hai cinco anos, e delas o 54,4 % son temporais, fronte a 44.800 asalariados máis, dos cales o 70,8 % son temporais.

A taxa de temporalidade feminina é 1,5 puntos porcentuais superior á masculina: no segundo trimestre de 2018 tiñan unha relación laboral temporal o 27,6 % das asalariadas fronte ao 26,1 % dos asalariados.

No último ano, a taxa de temporalidade só baixou nas mulleres (1 punto porcentual menos), mentres que nos homes aumentou 0,2 puntos porcentuais. En proporción, nas mulleres aumentou máis o emprego indefinido (+7,42 %) ca o temporal (+2,33 %), mentres que nos homes ocorreu o contrario (un +5,67 % o temporal fronte a un +4,45 % o indefinido).

Táboa 10. TAXA DE TEMPORALIDADE POR SEXOS

II trimestre	Homes	Mulleres	Total
2013	21,0 %	23,9 %	22,4 %
2014	23,8 %	23,7 %	23,8 %
2015	23,7 %	26,4 %	25,0 %
2016	23,8 %	27,8 %	25,8 %
2017	25,9 %	28,6 %	27,2 %
2018	26,1 %	27,6 %	26,8 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por grupos de idade, o colectivo máis castigado pola temporalidade é a mocidade. En termos anuais e por terceiro ano consecutivo, creouse emprego asalariado na franxa de menores de 30 anos, ata alcanzar 112.300 persoas no segundo trimestre de 2018: o 63,4 % tiñan un contrato temporal.

A taxa de temporalidade en menores de 30 anos baixou 1,1 puntos porcentuais no último ano porque se creou emprego indefinido en detrimento do temporal (1800 indefinidos máis ca no segundo trimestre de 2017 fronte a 200 temporais menos). Porén, o 95 % dos novos 13.100 empregos creados nos tres últimos anos foron temporais, co que a taxa de temporalidade subiu desde o 59,3 % no segundo trimestre de 2015 ata o citado 63,4 % tres anos despois.

Táboa 11. TAXA DE TEMPORALIDADE EN MENORES DE 30 ANOS

II trimestre	Poboación asalariada	Indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
2013	111.500	54.600	56.900	51,0 %
2014	103.400	46.100	57.300	55,4 %
2015	99.200	40.300	58.800	59,3 %
2016	101.800	40.700	61.100	60,0 %
2017	110.700	39.300	71.400	64,5 %
2018	112.300	41.100	71.200	63,4 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Atendendo ao tipo de sector, o traballo por conta allea no privado rexistra maior temporalidade ca no público (táboas 12 e 13). No segundo trimestre de 2018, traballa no sector privado o 77 % da poboación asalariada de Galicia e a súa taxa de temporalidade é do 27,6 % fronte ao 24,1 % no sector público.

O emprego por conta allea no sector privado leva catro anos seguidos aumentando nun segundo trimestre (ver táboa 12): creáronse 78.500 pero en proporción aumentaron máis os temporais ca os indefinidos (+23,7 % fronte ao +9,7 %), co que a taxa de

temporalidade subiu do 25,3 % no segundo trimestre de 2014 ao 27,6 % catro anos despois.

Nos tres primeiros anos en que se creou emprego asalariado no sector privado (tómase como referencia o segundo trimestre dos anos 2015, 2016 e 2017) aumentou máis a poboación asalariada temporal ca a indefinida, tanto en cifras absolutas como relativas. Só no 2008 medrou con máis forza o emprego indefinido que o temporal (+5,0 % fronte ao +3,0 %) e, en consecuencia, a taxa de temporalidade baixou 0,4 puntos porcentuais nese período.

Táboa 12. TAXA DE TEMPORALIDADE NO SECTOR PRIVADO

II trimestre	Poboación asalariada	Indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
2013	595.500	452.200	143.300	24,1 %
2014	592.100	442.200	149.800	25,3 %
2015	617.100	452.200	164.900	26,7 %
2016	626.400	455.900	170.500	27,2 %
2017	642.200	462.300	179.900	28,0 %
2018	670.600	485.300	185.300	27,6 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

En termos anuais, a poboación asalariada no sector público subiu en 15.500 persoas no segundo trimestre de 2018 (no mesmo período do ano anterior baixou en 5.200). No último ano, en proporción, aumentaron algo máis as persoas cun contrato indefinido ca as temporais (+8,84 % fronte ao +8,06 %) e a taxa de temporalidade baixou en 0,1 puntos porcentuais.

Táboa 13. TAXA DE TEMPORALIDADE NO SECTOR PÚBLICO

II trimestre	Poboación asalariada	Indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
2013	172.900	144.000	28.900	16,7 %
2014	180.900	147.000	33.800	18,7 %
2015	176.100	142.500	33.700	19,1 %
2016	184.400	146.100	38.300	20,8 %
2017	179.200	135.700	43.400	24,2 %
2018	194.700	147.700	46.900	24,1 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

O menor volume de poboación asalariada no sector público da última década nun segundo trimestre alcanzábase no 2013 con 172.900 persoas. Desde aquela, subiu en 21.800 persoas pero desas, o 83 % son temporais. A taxa de temporalidade do 16,7 % no segundo trimestre de 2013 subiu cinco anos despois ata o 24,1 %.

Poboación parada

No segundo trimestre de 2018 baixaba o paro en 11.500 persoas en relación co trimestre anterior (-6,2 %) e en 26.500 en comparación co segundo trimestre de 2017 (-13,2 %).

A creación de emprego —aínda que sexa precario— e a caída da poboación activa reflectíronse na baixada do paro desde 290.300 persoas no segundo trimestre de 2013 (22,4 % da poboación activa) ata 175.000 cinco anos despois (14,0 % da poboación activa). En cinco anos saíron das estatísticas do paro unhas 115.300 persoas (segundo a EPA) pero a poboación ocupada só aumentou en 70.400.

A cifra de paro actual segue sendo moi alta e aínda está moi por riba da rexistrada antes da crise. No segundo trimestre de 2008 había 108.100 persoas no paro (66.900 menos ca dez anos despois) e a taxa de paro estaba no 8,2 % (fronte ao 14 % dez anos despois).

Táboa 14. POBOACIÓN PARADA

II trimestre	Poboación parada	Taxa de paro
2008	108.100	8,2 %
2009	166.700	12,6 %
2010	201.300	15,5 %
2011	218.900	16,6 %
2012	275.900	20,9 %
2013	290.300	22,4 %
2014	284.300	22,3 %
2015	252.500	20,0 %
2016	222.900	17,7 %
2017	201.500	16,1 %
2018	175.000	14,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por sexos, no segundo trimestre de 2018 había 92.800 paradas (53 % da poboación parada) e 82.300 parados. A taxa de paro feminina era 2,4 puntos porcentuais superior á dos homes: estaban no paro o 15,2 % das activas fronte ao 12,8 % dos activos.

Por grupos de idade, a taxa de paro máis elevada dáse nas persoas de 16 a 29 anos: o 23,2 % das activas estaban no paro no segundo trimestre de 2018; e por sexos, a taxa de paro estaba no 26,6 % nas mulleres menores de 30 anos e no 20,0 % nos homes.

En termos anuais, o paro de longa duración baixou nun segundo trimestre por cuarto ano consecutivo (táboa 15): no 2018 había 72.100 persoas paradas menos ca catro anos antes (un 47,1 % menos) e 22.300 menos ca no 2017 (un 21,6 % menos). Malia esa baixada, o paro de longa duración é moi elevado: o 46,2 % das persoas paradas están nesa situación.

Das 80.900 persoas que había no paro de longa duración no segundo trimestre de 2018, o 53,8 % eran mulleres (43.500).

Táboa 15. POBOACIÓN PARADA DE LONGA DURACIÓN

II trimestre	Poboación parada	Paro de longa duración	(Paro longa durac./total poboac. parada)*100
2013	290.300	146.800	50,6 %
2014	284.300	153.000	53,8 %
2015	252.500	138.700	54,9 %
2016	222.900	118.200	53,0 %
2017	201.500	103.200	51,2 %
2018	175.000	80.900	46,2 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

Por grupos de idade (táboa 16), o paro de longa duración é maioritario nas franxas de maior idade: dos 45 aos 54 anos, o 54,9 % das persoas paradas levaban buscando emprego un ano ou máis; a porcentaxe sobe ata o 66,9 % nas que teñen 55 ou máis anos.

Táboa 16. POBOACIÓN PARADA DE LONGA DURACIÓN POR GRUPOS DE IDADE.

Grupos de idade	Poboac. parada II trimestre 2018	Paro de longa duración II trimestre 2018	(Paro longa durac./total poboac. parada)*100
De 16 a 24 anos	19.300	4.900	25,4 %
De 25 a 34 anos	36.000	12.000	33,3 %
De 35 a 44 anos	50.200	22.400	44,6 %
De 45 a 54 anos	42.100	23.100	54,9 %
De 55 ou máis anos	27.500	18.400	66,9 %
Total	175.000	80.900	46,2 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

No segundo trimestre de 2018, o 36,7 % das persoas en paro levaban dous ou máis anos buscando un posto de traballo (en cifras absolutas, eran 64.200 persoas no paro de moi longa duración).

Poboación activa

O número de persoas activas aumentou en 14.200 no segundo trimestre de 2018 con respecto ao trimestre anterior; delas, 12.100 son mulleres. No último ano só aumentou a poboación activa entre as mulleres (8.600 activas máis fronte a 8.200 activos menos).

En termos anuais, a poboación activa permaneceu practicamente estancada no segundo trimestre de 2018 (só aumentou en 500 persoas), tras descender de xeito continuado nos cinco anos anteriores ata situarse en 1.250.800 persoas activas no segundo trimestre de 2018. Son 67.100 menos ca seis anos antes (un 5,1 % menos).

Desas 67.100 persoas, o 92 % son homes (61.800) e, por grupos de idade, a perda de poboación activa concentrouse en menores de 40 anos (149.100 persoas activas menos fronte a 81.900 persoas activas máis de 40 ou máis anos).

Táboa 17. POBOACIÓN ACTIVA POR SEXO

II trimestre	Poboación activa	Homes	Mulleres
2008	1.310.200	725.200	585.000
2009	1.319.600	711.100	608.400
2010	1.299.600	702.900	596.700
2011	1.316.400	703.500	613.000
2012	1.317.900	703.200	614.700
2013	1.295.700	686.200	609.600
2014	1.275.800	666.900	608.900
2015	1.262.400	662.300	600.100
2016	1.256.900	659.600	597.400
2017	1.250.300	649.600	600.800
2018	1.250.800	641.400	609.400

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A taxa de actividade (porcentaxe do total de persoas activas sobre a poboación de 16 ou máis anos) subiu en 0,3 puntos no último ano e queda no 53,6 %. No segundo trimestre de 2012 (cando se rexistraba a taxa de actividade máis alta nun segundo trimestre da última década) participaban no mercado laboral o 55,0 % das persoas en idade legal de traballar.

Táboa 18. TAXA DE ACTIVIDADE POR SEXO

II trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008	54,6 %	63,2 %	46,7 %
2009	54,8 %	61,7 %	48,5 %
2010	54,0 %	61,0 %	47,6 %
2011	54,8 %	61,1 %	49,0 %
2012	55,0 %	61,3 %	49,3 %
2013	54,3 %	60,1 %	49,1 %
2014	53,9 %	58,8 %	49,3 %
2015	53,5 %	58,6 %	48,8 %
2016	53,5 %	58,6 %	48,8 %
2017	53,3 %	57,9 %	49,2 %
2018	53,6 %	57,5 %	50,1 %

FONTE: elaboración propia sobre datos da EPA

A evolución da taxa de actividade no último ano diverxeu por sexos: nas mulleres subiu 0,9 puntos e nos homes baixou 0,4 puntos. A taxa de actividade das mulleres no segundo trimestre de 2018 situouse no 50,1 %, a máis alta nun segundo trimestre desde que existen estatísticas; aínda así, segue estando 7,4 puntos por baixo da dos homes.

Os homes rexistraron a taxa de actividade máis baixa rexistrada nun segundo trimestre desde que existen estatísticas (ano 1996): 57,5 % no segundo trimestre de 2018; dez anos antes era do 63,2 %.

Fogares

En termos anuais, o número de fogares con algunha membro en paro diminúe no segundo trimestre de 2018 por quinto ano consecutivo. Con respecto a hai cinco anos, os fogares con todos os activos en paro baixaron en 34.100 (7.900 no último ano) e os que teñen ocupados e parados fixérono en 52.900 (12.000 no último ano).

Malia ese descenso, no segundo trimestre de 2018 había 744.800 fogares en Galicia con, polo menos, un membro activo e no 21 % deles estaba presente o paro: en 93.700 había ocupados e parados (o 13 % do total de fogares con, polo menos, un activo) e en 60.600 só parados (o 8 %).

O 31,6 % das vivendas familiares de Galicia non contaban con ningún membro activo no segundo trimestre de 2018; a porcentaxe estaba no 29,7 % cinco anos antes.

De 1.088.500 fogares que había no segundo trimestre de 2018, en 33.900 ningunha persoa percibía ingresos (fronte aos 19.400 oito anos antes) e en 455.600 só unha persoa percibía algún ingreso económico (fronte aos 390.700 no mesmo trimestre de 2010). O concepto de «ingreso económico» inclúe tanto o salario, como os diferentes tipos de pensións (xubilación, prexubilación, discapacidade...) ou prestacións por desemprego.

CCO

CCOO

Afiliación á seguridade social

No mes de xullo de 2018, e en termos anuais, aumentou a afiliación á seguridade social por quinto ano consecutivo. O maior incremento deuse no último ano con 25.100 afiliacións máis (un 2,53 % máis) ata sumar 1.018.870 afiliacións, a cifra máis alta nun mes de xullo no período 2011-2018.

Non obstante, a afiliación á seguridade social segue aumentando menos en Galicia ca na media estatal (un +2,53 % fronte ao +2,93 % no mes de xullo de 2018) e aínda faltan por sumar 71.882 afiliacións para igualar a ocupación de hai dez anos.

Táboa 19. AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL (ÚLTIMO DÍA DO MES)

xullo	Galicia		España	
	Afiliacións	Variac. anual	Afiliacións	Variación anual
2013	926.054	-3,04 %	16.284.726	-3,50 %
2014	935.371	1,01 %	16.605.098	1,97 %
2015	955.876	2,19 %	17.127.908	3,15 %
2016	977.335	2,24 %	17.805.680	3,96 %
2017	993.770	1,68 %	18.276.939	2,65 %
2018	1.018.870	2,53 %	18.812.915	2,93 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

O número de mulleres afiliadas á seguridade social remontou ata superar os valores que había a finais de xullo de 2008, mentres que entre os homes faltan por recuperar 78.398 afiliacións para alcanzar a ocupación de hai dez anos. Con todo, segue habendo menos ocupación para as mulleres: a finais de xullo de 2018, representaban o 47,98 % no total da afiliación á seguridade social (44,22 % en xullo de 2008).

Por grupos de idade, en relación con hai dez anos, hai 96.221 afiliacións máis entre as persoas de 40 ou máis anos fronte a 168.040 menos entre as menores desa idade. As persoas menores de 30 anos representaban o 20,66 % da poboación afiliada en xullo de 2008; dez anos despois son só o 12,47 %.

Por réximes, só hai máis afiliacións ca hai dez anos no do fogar (6461 máis) e no do mar (1274 máis). Pola contra, o xeral (exclúese o réxime especial agrario e o do fogar), o de autónomos e o do mar perderon 51.960, 23.363 e 4265 afiliacións, respectivamente, desde xullo de 2008.

Só o sector dos servizos supera a cifra de afiliación de hai dez anos: 40.934 máis. Se a finais de xullo de 2008, o 63 % da afiliación se encadraba neste sector, dez anos despois a porcentaxe xa sobe ata o 72 %.

O sector da construción é o que está máis lonxe da afiliación de dez anos atrás e tamén o que perdeu máis representación na ocupación: conta con 61.721 afiliacións menos ca en xullo de 2008 e abrangue o 7,63 % da ocupación fronte ao 12,78 % dez anos

antes. En cifras relativas, séguelle o primario (21.500 afiliacións menos, un 26,0 %) e a industria (30.413 afiliacións menos, un 17,1 %).

Na táboa 20 desagregase a cifra de afiliación á seguridade social do mes de xullo de 2018 por sexos, idade, réxime e sector económico. A modo de comparación, tamén se recollen as cifras do mes de xullo de 2008.

Táboa 20. AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL (ÚLTIMO DÍA DO MES)

Mes	Afiliacións		Variac. 2018/2008	% sobre total afiliación	
	2018	2008	%	2018	2008
Sexo					
Homes	529.976	608.374	-12,89 %	52,02 %	55,78 %
Mulleres	488.892	482.371	+1,35 %	47,98 %	44,22 %
Non consta	2	7	—	—	—
Ambos os sexos	1.018.870	1.090.752	-6,59 %	100,00 %	100,00 %
Idade					
Menores de 30 anos	127.032	225.340	-43,63 %	12,47 %	20,66 %
De 30 a 39 anos	250.020	319.752	-21,81 %	24,54 %	29,31 %
De 40 a 49 anos	315.633	277.666	+13,67 %	30,98 %	25,46 %
De 50 a 59 anos	243.651	199.121	+22,36 %	23,91 %	18,26 %
De 60 ou máis anos	82.528	68.804	+19,95 %	8,10 %	6,31 %
Non consta	6	69	—	—	—
Réximes					
Xeral (agás agrario e fogar)	751.031	802.991	-6,47 %	73,71 %	73,62 %
Minería do carbón	0	29	-100,00 %	—	—
Agrario	5.633	4.359	29,23 %	0,55 %	0,40 %
Fogar	26.986	20.525	31,48 %	2,65 %	1,88 %
Autónomo	213.720	237.083	-9,85 %	20,98 %	21,74 %
Mar	21.500	25.765	-16,55 %	2,11 %	2,36 %
Sectores					
Agricultura e pesca	61.198	82.698	-26,00 %	6,01 %	7,58 %
Industria	147.846	178.259	-17,06 %	14,51 %	16,34 %
Construción	77.712	139.433	-44,27 %	7,63 %	12,78 %
Servizos	731.282	690.348	+5,93 %	71,77 %	63,29 %
Non tipificados	832	12	—	—	—

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Perfil das persoas afiliadas á seguridade social

A maioría de persoas afiliadas á seguridade social son homes: o 52,02 % no mes de xullo de 2018. O colectivo con máis peso na afiliación é adoito o de persoas de 40 a 44 anos, pertencente ao réxime xeral (exclúese o agrario e fogar), encadradas nos servizos e, concretamente, na rama do comercio ao retalho, salvo o de vehículos de motor e motocicletas (ver a táboa 21).

Táboa 21. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NA AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións á SS	Conceptos máis frecuentes	% sobre total	xullo 2018
Sexo	Homes	52,02 %	día 31
Grupo de idade	40 a 44 anos	16,24 %	día 31
Réxime	Xeral (excluído agrario e fogar)	73,71 %	día 31
Sector	Servizos	71,77 %	día 31
Rama actividade	Comercio ao retalho, agás vehículos motor e motocic.	10,78 %	día 31

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

CCOO

CCOO

Contratos rexistrados

Formálizanse máis contratos ca nunca, pero precarios. O trazo definitorio da contratación segue sendo a elevada temporalidade: o 91,08 % dos contratos que se rexistraron ata o mes de xullo de 2018 foron temporais.

Táboa 22. CONTRATOS ACUMULADOS ATA XULLO

Acumulados ata xullo	Total contratos	Indefinidos	Temporais	% temporais sobre total
2008	482.223	56.216	426.007	88,34 %
2009	398.118	41.896	356.222	89,48 %
2010	392.565	36.660	355.905	90,66 %
2011	391.078	34.200	356.878	91,25 %
2012	371.439	29.675	341.764	92,01 %
2013	391.070	31.798	359.272	91,87 %
2014	439.204	35.618	403.586	91,89 %
2015	499.610	38.959	460.651	92,20 %
2016	528.954	41.474	487.480	92,16 %
2017	582.447	47.584	534.863	91,83 %
2018	625.429	55.775	569.654	91,08 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

En termos anuais, e tomando como referencia o número de contratos acumulados ata o mes de xullo, é o terceiro ano consecutivo que a contratación indefinida medra máis que a temporal. Non obstante, seguen formalizándose poucos contratos indefinidos: 55.775 nos sete primeiros meses de 2018 (só o 8,92 % sobre o total da contratación).

Táboa 23. CONTRATOS ACUMULADOS ATA XULLO POR SEXO E MODALIDADE

Contratos acumulados	Homes	Mulleres	Total
Tipo de contrato			
Indefinido (bonificado/non bonificado)	17.613	13.598	31.211
Indefinido persoas con discapacidade	276	201	477
Convertidos en indefinidos	13.415	10.672	24.087
Contratos indefinidos	31.304	24.471	55.775
Obra ou servizo	120.572	78.891	199.463
Eventual circunstancias da produción	155.910	149.757	305.667
Interinidade	14.995	36.875	51.870
Temporal persoas con discapacidade	582	401	983
Remuda	256	241	497
Xubilación parcial	727	377	1.104
Substitución xubilación 64 anos	3	3	6
Prácticas	2.128	1.837	3.965
Formación	401	573	974
Outros contratos	3.430	1.695	5.125
Contratos temporais	299.004	270.650	569.654
Total contratos	330.308	295.121	625.429

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

A modalidade de contratación máis utilizada é a eventual por circunstancias da produción: o 48,87 % dos contratos rexistrados ata o mes de xullo de 2018 eran dese tipo.

Por sexos, formalízanse máis contratos con homes ca con mulleres: o 52,81 % dos rexistrados nos sete primeiros meses de 2018 foron para homes (52,60 % no mesmo período de 2017). Porén, elas soportan máis temporalidade: o 91,71 % dos contratos que asinan nos sete primeiros meses de 2018 foron temporais, porcentaxe que baixa ata o 90,52 % nos homes.

Polo tipo de xornada, dos contratos indefinidos rexistrados ata o mes de xullo de 2018 só o 65,34 % foron a xornada completa, mentres que o 28,35 % foron a xornada parcial e o 6,31 % fixos discontinuos (táboa 24).

Por sexos, as persoas contratadas a xornada parcial son maiormente mulleres. Dos 15.812 contratos indefinidos a xornada parcial rexistrados ata xullo de 2018, o 69,7 % formalizáronse con mulleres.

O 45,01 % dos contratos indefinidos rexistrados entre mulleres foron a xornada parcial, porcentaxe que baixa ata o 15,33 % nos homes.

Táboa 24. CONTRATOS INDEFINIDOS NO 2018 POR MODALIDADE E TIPO DE XORNADA

Acumulados ata xullo	X. completa	X. parcial	Fixo discontinuo	Total
Indefinido (bonif./non bonif.)	19.504	8.980	2.727	31.211
Indef. persoas con discapacidade	300	160	17	477
Convertidos en indefinidos	16.639	6.672	776	24.087
Contratos indefinidos	36.443	15.812	3.520	55.775

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

Canto aos contratos temporais (téñase en conta que o SEPE non desagrega todas as modalidades de contratación por tipo de xornada), nos sete primeiros meses de 2018, aproximadamente o 36 % foron a xornada parcial.

Por sexos, dos contratos temporais formalizados nese período con mulleres foron parciais ao redor o 47 %; no caso dos homes foron un 26 %.

Táboa 25. CONTRATOS TEMPORAIS ACUMULADOS ATA XULLO DE 2018 POR MODALIDADE E TIPO DE XORNADA

Acumulados ata xullo	X. completa	X. parcial	Total
Obra ou servizo	137.521	61.942	199.463
Eventual circunstancias da produción	179.777	125.890	305.667
Interinidade	35.475	16.395	51.870
Temporal persoas con discapacidade	576	407	983
Remuda	221	276	497
Xubilación parcial	—	—	1.104
Substitución xubilación 64 anos	—	—	6
Prácticas	3.191	774	3.965
Formación	—	—	974
Outros contratos	4.677	448	5.125
Total contratos	361.438	206.132	569.654

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

Ata aquí utilizamos a clasificación dos contratos tendo en conta a localidade do centro de traballo; agora, como información complementaria, tómanse os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística sobre contratos iniciais segundo a súa duración e a residencia do traballador/a.

Segundo se deduce dos datos da táboa 26, o 37,12 % dos contratos iniciais temporais rexistrados ata xullo de 2018 tiñan unha duración inferior á semana. Por sexos, a porcentaxe é algo máis alta nos homes ca nas mulleres: 37,92 % e 36,23 %, respectivamente.

O 47,18 % dos contratos iniciais temporais concertados ata o mes de xullo de 2018 tiñan unha duración inferior ao mes e o 18,66 % foron de un a seis meses. Só o 0,37 % duraban máis dun ano.

O 54,10 % dos contratos temporais iniciais de duración determinada limitábanse a unha semana (nos sete primeiros meses de 2018).

Táboa 26. CONTRATOS INICIAIS ATA XULLO DE 2018

Contratos iniciais	Homes	Mulleres	Total
Indefinidos	18.768	14.700	33.468
Temporais	309.826	276.703	586.529
Menos de 1 semana	117.493	100.252	217.745
De 1 semana a 1 mes	28.369	30.613	58.982
De 1 a 6 meses	53.470	55.960	109.430
De 6 meses a 1 ano	7.147	7.024	14.171
Máis de 1 ano	1.303	867	2.170
Indeterminado	102.044	81.987	184.031
Total contratos iniciais	328.594	291.403	619.997

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

CCCOO

Rotación laboral

O índice de rotación laboral (cociente entre o total de contratos temporais e o número de persoas asalariadas temporais) reflicte que a alternancia entre as persoas con contratos eventuais é esaxerada e aumenta. No ano 2017, cada persoa asalariada temporal asinou de media 4,2 contratos, fronte a 2,5 nove anos antes.

Táboa 27. ÍNDICE DE ROTACIÓN LABORAL

Ano	Contratos temporais	Poboación asalariada temporal	Índice de rotación
2008	706.093	279.900	2,52
2009	616.089	238.200	2,59
2010	620.612	216.000	2,87
2011	617.807	208.700	2,96
2012	610.236	185.700	3,29
2013	652.987	176.700	3,70
2014	724.404	182.900	3,96
2015	812.995	203.500	4,00
2016	872.891	214.400	4,07
2017	940.169	223.300	4,21

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE e do IGE

CCOO

Paro rexistrado

O paro rexistrado baixou no mes de xullo por sexto mes consecutivo ata 163.412 persoas; son 6.653 menos ca no en xuño (-3,91 %) e 18.459 menos ca no mes de xullo de 2017 (-10,15 % menos).

O paro rexistrado alcanza a cifra máis baixa nun mes de xullo do período 2009-2018. Con todo, aínda hai 23.414 persoas desempregadas máis ca en xullo de 2007 (+16,72 %).

Por sexos, as mulleres seguen sendo maioría no paro: o 58,3 % en xullo do 2018.

Táboa 28. PARO REXISTRADO POR SEXO

Xullo	Homes	Mulleres	Total	(Mulleres/Total paro rexistrado)*100
2007	50.179	89.819	139.998	64,2 %
2008	58.669	90.649	149.318	60,7 %
2009	86.079	106.780	192.859	55,4 %
2010	95.953	113.836	209.789	54,3 %
2011	104.603	118.397	223.000	53,1 %
2012	127.061	133.137	260.198	51,2 %
2013	127.476	133.626	261.102	51,2 %
2014	114.849	125.430	240.279	52,2 %
2015	98.600	117.771	216.371	54,4 %
2016	87.743	107.714	195.457	55,1 %
2017	78.423	103.448	181.871	56,9 %
2018	68.078	95.334	163.412	58,3 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

Do aumento de 23.414 persoas desempregadas en comparación con xullo de 2007 (cando se alcanza a cifra máis baixa de paro rexistrado da serie analizada), o 76,45 % son homes.

Na desagregación por grupos quinquenais de idade, hai 13.611 persoas paradas menos de 16 a 34 anos ca once anos antes fronte a 37.025 máis de 35 a 64 anos. En proporción, a maior suba do paro rexistrado dáse no colectivo de 55 ou máis anos (representaba o 27,7 % do paro rexistrado en xullo de 2018 e o 21,6 % once anos antes).

Por sectores de actividade, o paro rexistrado nos servizos, no sector primario e na construción aínda é superior ao de hai once anos: +41,2 %, +32,7 % e +3,8 %, respectivamente. Só rexistraron baixada o colectivo sen emprego anterior e a industria.

No que atangue á duración da demanda, o paro rexistrado é maior do que hai once anos no colectivo que leva máis de seis meses á procura dun posto de traballo (25.923 persoas paradas máis fronte a 2.509 persoas paradas menos entre o colectivo que leva seis meses ou menos na procura dun emprego).

O pasado mes de xullo, o 49,5 % das persoas paradas levaban máis dun ano buscando emprego; once anos antes estaban nesta situación o 42,0 %. En Galicia hai 22.091 persoas máis encadradas no paro de longa duración ca en xullo de 2007 (+37,6 %).

Das 80.830 persoas paradas desde hai máis dun ano o pasado mes de xullo, 55.897 levaban buscando un posto de traballo máis de dous anos (representaban o 34,21 % do paro rexistrado en xullo de 2018).

Na táboa 29 desagregase o paro rexistrado do mes de xullo de 2018 por sexo, idade, sector económico e tempo de busca de emprego. A modo de comparación, tamén se recollen as cifras do mes de xullo de 2007.

Táboa 29. PARO REXISTRADO POR SEXO, IDADE, SECTOR ECONÓMICO E TEMPO DE BUSCA DE EMPREGO

Mes	Paro rexistrado		Variac.	% sobre total paro rexistrado	
	2018	2007	2018/2007	2018	2007
Xullo			%		
Sexo					
Homes	68.078	50.179	+35,67 %	41,66 %	35,84 %
Mulleres	95.334	89.819	+6,14 %	58,34 %	64,16 %
Ambos os sexos	163.412	139.998	+16,72 %	100,00 %	100,00 %
Idade					
Menores de 30 anos	19.696	30.130	-34,63 %	12,05 %	21,52 %
De 30 a 44 anos	55.010	49.635	+10,83 %	33,66 %	35,45 %
De 45 a 54 anos	43.451	30.020	+44,74 %	26,59 %	21,44 %
De 55 ou máis anos	45.255	30.213	+49,79 %	27,69 %	21,58 %
Sectores					
Agricultura/pesca	5.580	4.206	+32,67 %	3,41 %	3,00 %
Industria	18.303	22.208	-17,58 %	11,20 %	15,86 %
Construción	14.568	14.039	+3,77 %	8,91 %	10,03 %
Servizos	109.962	77.854	+41,24 %	67,29 %	55,61 %
Sen emprego anterior	14.999	21.691	-30,85 %	9,18 %	15,49 %
Tempo busca emprego					
≤ 1 mes	19.134	19.519	-1,97 %	11,71 %	13,94 %
> 1 mes ≤ 6 meses	38.126	40.250	-5,28 %	23,33 %	28,75 %
> 6 meses ≤ 1 ano	25.322	21.490	+17,83 %	15,50 %	15,35 %
> 1 ano	80.830	58.739	+37,61 %	49,46 %	41,96 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

O número de inscricións nos servizos públicos de emprego é moi superior ao dato de paro rexistrado. No mes de xullo deste ano, demandaban un emprego 219.026 persoas, 55.614 máis que a cifra de paro rexistrado (destas, 12.080 son demandantes non ocupadas e 43.534 demandantes ocupadas que buscan unha mellora de emprego, un emprego especializado ou teñen dispoñibilidade limitada).

Perfil das persoas paradas

A maioría das persoas paradas inscritas nas oficinas dos servizos públicos de emprego son mulleres (o 58,3 %). O perfil máis común das paradas é o dunha muller de 40 a 44 anos que demanda un emprego no sector dos servizos e, en concreto, na rama do comercio. No caso dos homes teñen un peso moi significativo no paro os de 55 a 59 anos e, por sección de actividade económica, os que demandan un emprego na construción.

Táboa 30. COLECTIVOS CON MÁIS PESO NO PARO REXISTRADO

Paro rexistrado	Conceptos máis frecuentes	% sobre o total	Data
Sexo	Muller	58,3 %	07/2018
Grupo de idade	Entre 55 e 59 anos	14,7 %	07/2018
Sector económico	Servizos	67,3 %	07/2018
Actividade económica	Comercio	14,6 %	07/2018
Grupo de ocupación	Servizos de restauración e comercio	19,1 %	07/2018
Estudos rematados	Ata certificado de escolaridade	41,1 %	07/2018
Duración da demanda	Menos de seis meses	34,6 %	07/2018

FONTE: elaboración propia sobre datos do IGE

CCOO

Protección por desempleo

En xullo de 2018 estaban rexistradas nas oficinas dos servizos públicos de emprego 148.413 persoas paradas con experiencia laboral e só o 53,0 % percibían unha prestación por desempleo. Esa taxa (n.º beneficiarias prestacións desempleo/n.º paradas con experiencia laboral) aumentou 0,7 puntos porcentuais no último ano pero queda moi lonxe do 69,8 % de cobertura en xullo de 2011, cando se alcanzou o valor máis alto da serie analizada.

Na caída da taxa de cobertura influíron, entre outras razóns, que moita xente esgotou as prestacións por desempleo, os recortes no sistema de protección do ano 2012 e o aumento da precariedade (demasiados postos de traballo temporais, xornadas parciais, contratos de curta duración, etc.) que dificulta reunir o período de cotización esixido para entrar no sistema de protección.

A brecha de xénero na protección por desempleo superaba os oito puntos no mes de xullo de 2018: a taxa de cobertura das mulleres era do 49,5 % e a dos homes do 57,8 %.

Táboa 31. TAXA DE COBERTURA DE PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

Xullo	Parados/as con experiencia laboral	Prestacións por desempleo	Taxa de cobertura
2011	196.245	136.941	69,8 %
2012	234.336	152.727	65,2 %
2013	238.178	149.524	62,8 %
2014	219.379	126.690	57,7 %
2015	197.593	108.239	54,8 %
2016	178.563	94.372	52,9 %
2017	165.555	86.644	52,3 %
2018	148.413	78.682	53,0 %

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

Outro indicador para avaliar o sistema de protección por desempleo é a calidade das prestacións, en función do tipo e da contía. En xullo de 2018 carecían de prestación por desempleo 69.731 persoas paradas con experiencia laboral; outras 78.682 percibían algún tipo de prestación, das cales 42.350 cobraban un subsidio, a renda activa de inserción ou o programa de activación para o emprego e só 36.332 percibían unha prestación por desempleo.

O número de prestacións contributivas (as de maior contía) superaba o de subsidios por desempleo en xullo de 2018, mentres que no mes de xullo de 2015, 2016 e 2017 acontecía o contrario.

Malia que en 2018 (tómase como referencia o mes de xullo) mellorou algo a calidade das prestacións por desempleo, as contributivas aínda representan só o 46,2 % do total das prestacións por desempleo fronte ao 53,8 % das asistenciais. En xullo de

2012 (coa cifra máis elevada de prestacións por desemprego da serie analizada), esas porcentaxes eran do 52,6 % e 47,4 %, respectivamente.

Táboa 32. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO SEGUNDO A CLASE

Xullo	Contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activación para o emprego	Total
2011	72.255	54.661	10.025	—	136.941
2012	80.389	60.122	12.216	—	152.727
2013	76.076	61.577	11.871	—	149.524
2014	57.829	56.232	12.629	—	126.690
2015	44.047	49.330	12.483	2.379	108.239
2016	39.097	43.292	11.067	916	94.372
2017	37.134	38.019	10.145	1.346	86.644
2018	36.332	32.793	8.259	1.298	78.682

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

A contía dos subsidios por desemprego, da RAI e do Programa de activación para o emprego é duns 430 euros mensuais. O 54 % de persoas beneficiarias de prestacións por desemprego en xullo de 2018 recibía algunha destas tres.

Polo tanto, as prestacións contributivas só chegaban ao 46 % das persoas protexidas polo sistema. A contía desta prestación varía en función da base reguladora do traballador/a (os 180 primeiros días de prestación cóbrase o 70 % da base reguladora e a partir do 181, o 50 %). No ano 2012, o Goberno recortou considerablemente a cantidade desta prestación a partir do día 181, xa que antes da reforma percibíase o 60 % da base reguladora.

O gasto medio por persoa beneficiaria, incluídas as cotizacións á seguridade social, en xullo foi de 825,32 euros mensuais (un 4,0 % máis ca un ano antes) mentres que a prestación media contributiva por persoa alcanzaba os 766,2 euros/mes (do 0,8 % máis en relación co mes de xullo do ano anterior).

Táboa 33. CONTÍA MEDIA DAS PRESTACIÓNS CONTRIBUTIVAS POR DESEMPREGO

Xullo	Galicia	España
2011	809,6	834,4
2012	810,2	842,9
2013	786,2	821,0
2014	761,1	788,3
2015	758,7	779,2
2016	762,8	774,3
2017	760,1	776,5
2018	766,2	780,0

FONTE: elaboración propia con datos do SEPE. Datos en €/mes

A contía media mensual da prestación contributiva en Galicia é 13,9 euros inferior á da media estatal en xullo de 2018 (en xullo de 2012 a diferenza era de 32,7 euros). En

comparación con hai seis anos, a contía reduciuse un 5,4 % na nosa comunidade e un 7,5 % na media estatal.

No último ano (xullo 2018-xullo 2017) aumentou a contía media das prestacións contributivas, pero segue baixando o gasto en desemprego pola caída do número de persoas beneficiarias.

O gasto en prestacións por desemprego diminuíu moito a partir do ano 2012. En xullo dese ano achegouse unha dotación económica de 139.667.000 euros para esta finalidade e, seis anos máis tarde, baixaba ata 64.938.000 euros. Nese intervalo, o gasto destinado á protección por desemprego redúcese un 53,5 %.

Canto ao tipo de prestacións, as contributivas experimentaron a maior redución do gasto, un 57,3 % desde xullo de 2012. O gasto en subsidios por desemprego baixou un 47,1 % en comparación con hai seis anos e o da RAI, un 31,3 %.

O recorte do gasto en prestacións por desemprego orixínase nun sistema de protección que non estaba preparado para unha crise tan profunda e longa, ao que hai que lle sumar os recortes executados polo Goberno e que non se viron paliados coa creación do Programa de activación para o emprego.

Táboa 34. GASTO EN PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR TIPO

Xullo	Contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activación para o emprego	Total
2011	90.255	29.313	4.368	—	123.936
2012	101.938	32.447	5.281	—	139.667
2013	94.270	30.846	5.095	—	130.211
2014	70.219	27.868	5.349	—	103.437
2015	53.639	24.695	5.307	1.003	84.644
2016	47.622	22.055	4.798	401	74.876
2017	44.056	19.796	4.358	538	68.747
2018	43.531	17.151	3.629	627	64.938

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE. Datos expresados en miles de euros

En 2018 segue caendo o gasto en protección por desemprego (5,5 % en xullo en relación co mesmo mes do ano anterior). Agás no programa de activación para o emprego, o gasto descende en todas as prestacións, aínda que en maior proporción na RAI (-16,7 %) e no subsidio de desemprego (-13,4 %).

Dos datos recollidos no táboa 35, conclúese que o 53,8 % das persoas beneficiarias de prestacións por desemprego o pasado mes de xullo eran mulleres e o restante 46,2 %, homes.

Só o 42,4 % dos perceptores dunha prestación por desemprego no mes de xullo de 2018 estaban cobrando unha prestación contributiva, mentres que o restante 57,6 % percibía unha asistencial. No caso das mulleres, o 49,4 % percibía unha prestación contributiva e o 50,6 % unha asistencial.

Táboa 35. PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO POR TIPO, SEXO E IDADE

Xullo 2018	Prestación contributiva	Subsidio	RAI	Prog. activac. emprego	Total
Sexo					
Homes	15.435	16.545	3.894	515	36.389
Mulleres	20.897	16.248	4.365	783	42.293
Ambos os sexos	36.332	32.793	8.259	1.298	78.682
Idade					
16-19 anos	33	68	16	0	117
20-24 anos	1.071	458	73	9	1.611
25-29 anos	3.663	1.184	99	41	4.987
30-34 anos	5.175	1.784	186	100	7.245
35-39 anos	5.788	2.458	247	181	8.674
40-44 anos	5.688	2.934	313	191	9.126
45-49 anos	4.510	2.392	2.731	217	9.850
50-54 anos	3.851	2.368	2.554	299	9.072
55-59 anos	3.469	8.284	1.378	185	13.316
60 ou máis anos	3.084	10.863	662	75	14.684

FONTE: elaboración propia sobre datos do SEPE

Na distribución das prestacións por grupo de idade e tipo de prestación (xullo de 2018) aprécianse diferenzas moi marcadas. As prestacións contributivas representaron o 71,0 % do total das percibidas por menores de 30 anos; o 66,5 % nas persoas de 30 a 44 anos e só o 31,8 % para as persoas de 45 ou máis anos.

O 68,4 % das persoas de 55 ou máis anos receptoras dunha prestación por desemprego estaban recibindo un subsidio por desemprego. Das 19.147 persoas de 55 ou máis anos beneficiarias dun subsidio por desemprego, máis da metade eran homes (o 59 %).

CCOO

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

CCOO

Conclusiones

No segundo trimestre de 2018 rexistrouse o maior incremento da ocupación nun segundo trimestre desde que se iniciou a recuperación do emprego: 25.700 persoas ocupadas máis ca no primeiro trimestre de 2018 e 26.900 máis ca un ano antes.

Non obstante, o ritmo de creación de emprego en Galicia seguiu sendo máis lento ca na media estatal tanto na comparación trimestral (2,44 % e 2,49 %, respectivamente) coma na anual (2,56 % e 2,82 %, respectivamente). O número de persoas ocupadas, segundo a EPA, chegou a 1.075.800 no segundo trimestre de 2018 e aínda quedan por recuperar 126.400 empregos para igualar a ocupación que había dez anos antes.

Creouse emprego nos servizos e na construción, en detrimento do sector primario e da industria, tanto no último trimestre coma no último ano.

No último ano (II trimestre de 2018-II trimestre de 2017) aumentou o emprego por conta allea en detrimento do emprego por conta propia. En proporción, medrou máis a poboación asalariada no sector público (15.500 máis; un 8,65 %) ca no privado (28.400 máis; un 4,42 % máis).

Polo tipo de xornada, creouse máis emprego a xornada completa que a xornada parcial e a porcentaxe de poboación ocupada que traballa a xornada parcial baixou do 13,9 % no segundo trimestre de 2017 ao 13,8 % un ano despois. Con todo, a xornada parcial segue sendo involuntaria na maioría dos casos: o 55 % das persoas que a aceptaron é porque non atoparon un traballo a xornada completa, mentres que só o 9 % afirmou non querer un traballo a xornada completa.

No último ano medrou máis a poboación asalariada con contrato indefinido ca con contrato temporal, co que a taxa de temporalidade diminuíu ata o 26,8 % no segundo trimestre de 2018 (un ano antes, estaba no 27,2 %). Non obstante, en cinco anos de recuperación de emprego asalariado creáronse 96.900 empregos pero deses o 62 % foron temporais (60.100), o que elevou a taxa de temporalidade desde o 22,4 % no segundo trimestre de 2013 ata o 26,8 % cinco anos despois.

O paro baixou ata 175.000 persoas no segundo trimestre de 2018 (11.500 menos ca no trimestre anterior e 26.500 menos ca no segundo trimestre de 2017) que supoñen o 14 % da poboación activa. O 36,7 % das persoas paradas levaban dous ou máis anos buscando un posto de traballo.

O número de persoas activas aumentou en 14.200 no segundo trimestre de 2018 con respecto ao trimestre anterior (delas, 12.100 son mulleres). En termos anuais, a poboación activa ficou case estancada (só aumentou en 500 persoas), tras descender de xeito continuado nos cinco anos anteriores.

A creación de emprego, aínda que sexa precario, e a caída da poboación activa contribuíron a «mellorar» as estatísticas do paro. No segundo trimestre de 2012 alcanzouse un máximo de 1.317.900 persoas activas (1.042.000 persoas ocupadas e 275.900 en paro) e no segundo trimestre de 2018 baixaban ata 1.250.800 (1.075.800 ocupadas e 175.000 paradas). Desde o segundo trimestre de 2012, o paro baixou en 100.900 persoas pero a poboación ocupada só aumentou en 33.800 e a poboación activa diminuíu en 67.100, co que un 67 % do descenso do paro se explica pola caída da poboación activa.

Esa perda de poboación activa dáse, sobre todo, nos homes (61.800 activos menos) e, por grupos de idade, nas persoas menores de 40 anos. A taxa de actividade das mulleres no segundo trimestre de 2018 situouse no 50,1 %; é a máis alta nun segundo trimestre desde que existen estatísticas, pero aínda así segue estando 7,4 puntos por debaixo da dos homes.

A cifra de fogares con todos os seus membros activos en paro baixou en 7.900 no último ano e baixa dos máximos alcanzados durante a recesión. Aínda así, no segundo trimestre de 2018 había 60.600 fogares nesta situación (o 8 % do total de fogares con, polo menos, un activo). Os número de fogares sen ningunha persoa perceptora de ingresos económicos (salario, pensións ou prestacións por desemprego) baixou a 33.900 (1900 menos ca no segundo trimestre de 2017) pero oito anos antes eran 19.400.

Rexístranse máis contratos ca nunca, pero precarios. Nos sete primeiros meses de 2018 formalizáronse 625.429, pero o 91,08 % eran temporais. En termos anuais, a contratación indefinida medrou máis que a temporal por terceiro ano consecutivo, pero aínda así o número de contratos indefinidos segue sendo baixísimo: 55.775 nos sete primeiros meses de 2018 (o 8,92 % sobre o total de contratos) e deses, o 28,35 % foron a xornada parcial.

O 37,12 % dos contratos iniciais temporais rexistrados ata xullo de 2018 tiñan unha duración inferior á semana.

En xullo de 2018 estaban rexistradas nas oficinas dos servizo públicos de emprego 148.413 persoas paradas con experiencia laboral, e só o 53,0 % percibía unha prestación por desemprego. Esa taxa aumentou en 0,7 puntos porcentuais no último ano pero a cobertura por desemprego segue en mínimos (porcentaxe era do 69,8 % en xullo de 2011).

Canto á calidade, o número de prestacións contributivas superaba o de subsidios por desemprego no mes de xullo de 2018 (en xullo de 2015, 2016 e 2017 ocorría o contrario) pero as prestacións contributivas aínda representaban só o 46,2 % das prestacións por desemprego fronte ao 53,8 % das asistenciais.

CCCCOO

CONCLUSIONES

CCOO

CCCOO



OFICINA DE EMPREGO

CRISE

FOLGA XE



comisiones obreras